

**ASISTENTES**

Reigosa Roger, Manuel Joaquín  
Michinel Álvarez, Miguel Ángel  
Cuevas Alonso, Miguel  
Villanueva Villar, Mónica  
Pereira Lorenzo, Nemesio  
Davila Segade, Ruth

Acta da sesión extraordinaria da Comisión Electoral da Universidade de Vigo do martes, **14 de marzo de 2023**, ás 13:00 h en primeira convocatoria e ás 13:15 en segunda convocatoria

O día **14 de marzo de 2023** ás 13:15 h., en segunda convocatoria, deu comezo a sesión extraordinaria da Comisión Electoral da Universidade de Vigo, presidida polo reitor, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde día

**Punto único: Informe sobre incidencias no proceso de elección de representantes nos consellos de departamento e adopción de acordos ao respecto, se procede.**

O reitor cede a palabra ao secretario xeral, que informa do seguinte:

No Campus de Pontevedra, dúas xuntas de centro non constituiron mesa electoral nos seus centros na xornada de votación do venres, como prescribe a normativa. Posto o asunto en coñecemento da Secretaría Xeral, previa petición dos dous decanatos implicados e considerando a reclamación de dous estudantes, emitiuse resolución autorizando a constitución das mesas o martes 14, en horario de 10 a 18 h., dentro do prazo que permite a LOREG para este tipo de situacións. As mesas foron constituídas e estase a celebrar a votación, polo que os resultados provisionais serán publicados mañá, concedendo un prazo de dous días para a presentación de alegacións que, de habelas, serán resoltas pola Comisión Electoral na súa vindeira xuntanza ordinaria prevista para o día 21.

Solicítase que a Comisión refrende a decisión adoptada pola Secretaría Xeral.

Asemade, o secretario xeral informa de que recibíuse escrito remitido polo presidente e a secretaria da xunta electoral do Departamento de Dereito público Especial, pedindo resposta a certas dúbidas sobre a interpretación do Regulamento Electoral Xeral (REX) e sobre o procedemento a seguir en concretos aspectos que atinxen a votación celebrada nunha mesa electoral nas eleccións de representantes no consello do dito Departamento, en concreto, no sector do PDI non nato, e onde solicitan, concretamente, o seguinte:

*“1º. Que, consonte ao artigo 9.2.1) do REX, a Comisión Electoral resolva con carácter vinculante cal é a interpretación que debe facerse do artigo 3.1 a) do REX en relación aos requisitos que debe presentar o profesorado asociado para ser elector.*

*2º. Que se nos indique se, tendo en conta o posible vicio de legalidade do resultado electoral, debemos facer a proclamación provisional de candidatos ou non.*

*3º. Que, no caso de que a interpretación que faga a Comisión Electoral do artigo 3.1 a) do REX en relación aos requisitos que debe presentar o profesorado asociado para ser elector*

*sexa coincidente coa reflectida no apartado expositivo 2º, se nos indique como proceder a partires da resolución desta solicitude en relación coas eleccións de representantes de “Outro persoal docente e investigador da Universidade de Vigo”.*

Á vista desta solicitude remitida, o secretario da Comisión Electoral indica que procede expoñer o seguinte:

**Primeiro:** que o artigo 3.2º do REX, establece: *“Son electores e electoras todas as persoas que figuren no censo electoral da circunscrición correspondente e que reúnan os requisitos legalmente establecidos para cada proceso electoral segundo os Estatutos da Universidade de Vigo e o presente regulamento, así como a normativa especial que poida corresponder, de acordo coas categorías seguintes: a) Persoal docente e investigador en situación de servizo activo e con destino na Universidade de Vigo, agás o que desempeñe a praza ou o posto fóra da Universidade de Vigo en comisión de servizos ou situación equivalente...”.*

**Segundo:** que, non obstante, diversas normas empregan o término “servizo activo” referíndose ao persoal laboral (por exemplo, o convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia, resolución do 20 de outubro de 2008, DOG, do 3 de novembro de 2008) sen que se restrinxa necesariamente, por tanto, en exclusiva ao persoal funcionario.

**Terceiro:** que o artigo 42 REX indica o seguinte: *“Escrutinio xeral 1. Tras recibir os expedientes electorais das mesas electorais e as actas de escrutinio, a comisión electoral ou a xunta electoral realizará o escrutinio xeral dos votos emitidos en cada elección. 2. Durante o escrutinio xeral a xunta ou a comisión electoral non poderá anular ningunha acta nin ningún voto. As súas atribucións limitaranse a verificar o reconto e a suma dos votos admitidos nas correspondentes mesas segundo as actas ou as copias das actas das mesas, e poderá tan só corrixir os simples erros materiais ou de feito, e os aritméticos...”.*

**Cuarto:** que a natureza da publicación dunha listaxe provisional encaixa coa dos “actos de trámite” (cualificado ou non) aos que se refire o artigo 112 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, LPACAP, onde se atribúe a presentación de recurso á persoa interesada.

**Quinto:** que o art. 4.2º REX expresamente prevé, en relación coas persoas elixibles, que os requisitos esixidos se manteñan ata a data de celebración das eleccións, previsión non recollida respecto das persoas electoras, en función do principio de veracidade dos censos definitivos, do que parte o REX.

**Sexto:** que, de presentarse reclamación aos resultados provisionais, convén dispoñer de algún mecanismo que posibilite certa flexibilidade na toma de decisións polo órgano competente, permitíndolle ponderar as circunstancias do caso concreto, introducindo o principio de proporcionalidade; a cuxos efectos podería empregarse, no presente caso, a omisión na norma do momento en que deba apreciarse se concorren na persoa electora os requisitos exixidos para ser considerada como tal, combinado con outros factores como poden ser as actuacións levadas a cabo para combatir a presunción de veracidade do censo,

a eventual transcendencia do voto emitido na presente ou nunha eventual nova elección, etc.... modulando así o impacto da posible resposta.

Tras unha pregunta de Ruth Davila sobre o efecto vinculante da interpretación, que responde o secretario xeral en sentido positivo, os membros da Comisión Electoral ACORDAN

En relación có asunto relativo á xunta electoral do Departamento de Dereito público Especial.

**Primeiro:** en relación coa primeira pregunta, interpretar o concepto de “servizo activo”, contido no artigo 3.2º REX, como sinónimo de “permanencia en activo”.

**Segundo:** en relación coa segunda pregunta, indicar á xunta electoral do Departamento de Dereito público Especial que, feito o escrutinio xeral, nada impide facer que conste en acta as incidencias que estime oportunas, respectando a normativa sobre protección de datos persoais, aos efectos de facilitar eventuais reclamacións polas persoas interesadas.

**Terceiro:** en relación coa terceira pregunta, cara a eventuais reclamacións, recomendar á dita xunta electoral que tome as decisións que lle correspondan baixo a luz do principio de proporcionalidade.

**Cuarto:** delegar na Secretaría Xeral a eventual aprobación de cambios no calendario electoral que puidese solicitarlle a presidencia de dita xunta electoral e fosen necesarias en relación co asunto planteado pola presidencia da xunta electoral do departamento de Dereito público Especial.

En relación coas mesas electorais do Campus de Pontevedra.

**Quinto:** ratificar as actuacións desenvolvidas polo secretario xeral, en relación coas mesas electorais do Campus de Pontevedra.

Sen mais puntos que tratar, remata a sesión ás 13:40 h., do que eu, como secretario da comisión, dou fe.

O presidente da Comisión Electoral

O secretario da Comisión Electoral